O GALO

REVISTA ESCOLAR DO C.E.I.P. "PRAZA DE BARCELOS

XUÑO 2017

CARLOS

CASARES

REVISTA SUBVENCIONADA POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U./DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

EDITORIAL

Vivimos tempos revoltos, moitas veces duros de máis. Pode ser que ás veces perdamos o norte, o valor da educación, xa que é un dereito que temos todos máis ou menos garantido; pero non debemos baixar a garda. Ás veces subimos e baixamos coa marea sen nos plantexar a que praia nos leva, sen analizar se nos debemos deixar arrastrar por ela ou, pola contra, debemos nadar a contracorrente por duro que sexa.

Vai na natureza de cada un remar ou deixarse levar. Uns levan no seu ADN ir coa corrente, outros levan tatuado pelexar contra ela, pero todos temos a obriga de analizar permanentemente qué sería o correcto en cada momento, loitando, se fose necesario contra esa natureza nosa que nos axexa.

Xa que este ano Carlos Casares foi o homenaxeado no día das Letras Galegas, quédanvos aquí estes fragmentos da súa Galiña Azul. É un conto que tanto vale para cativos como para maiores, e que, máis ca nunca, pódenos servir para nos plantexar a postura que deberiamos tomar cando nos atopemos as inxustizas coas que, tristemente, temos que lidiar cada día: Sede críticos, COCOROCADE !

A GALIÑA AZUL

"Estes días anda o pobo un pouco alborotado. Acórdaste dun rapaz que se chama Lorenzo ... Pois Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas roxas na ala dereita. É unha galiña moi bonita e moi rara. Pon ovos de colores. Xa puxo dous marelos, un rosa e tres verdemar. Ademais non di cacaracá como as outras galiñas senón que di cocorocó. E isto ten preocupadas ás autoridades. Tan preocupadas as ten que hai catro días chegoulle un oficio a Lorenzo pedíndolle que entregara a galiña polas boas...."

"O alcalde, Manolito Listón, dixo nunhas declaracións que fixo para a televisión e para os periódicos, que non se podía tolerar a existencia dunha galiña azul, porque -según Manolito Listón- unha galiña azul que pon ovos de colores e que di cocorocó en vez de cacaracá non é unha galiña como é debido".

CANTÁMOSLLE AO OUTONO

O OUTONO

O outono chegará,
a choiva traerá,
o día axíña rematará,
a noite pecha será.

Follas caerán,
árbores espidas quedarán,
paxaros non cantarán,
nenos pouco xogarán.

No Samaín medo hai que dar,
unha historia de medo contar,
o magosto imos celebrar,
e moitas castañas papar.

Chega o outono,caen as follas,
en conxunto,coas súas pólas.

Carmen García G.

Reflexiono

Sobre o outono reflexiono.
Baixo as árbores hai rumores
de certos amores
con distintas cores.
Sobre o outono reflexiono.
Chegou o tempo das castañas
e os homes coas súas fazañas
emigraron ás montañas.
Sobre o outono reflexiono.

Marina Cascallar R.

Movemento

O outono chegará,
e o verán marchará,
as follas caerán
e os paxaros marcharán.

As castanas caerán
e a choiva chegará,
o frío aparecerá
e durante meses estará.

Sara Campo S.

O outono xa chegou

O outono sa chegou,
é o sol, xa marchou,
as follas póñense marróns,
e ao caer forman montóns.

Os paxaros cantan,
mentres pola copa andan,
unha alfombra de follas vexo,
de moitas cores sobre todo vermello.

Addis Gallego C.

A PAISAXE

Aquela paisaxe
tan fermosa ela,
e coas súas follas
caendo pola xanela.

Aquel outono que ben o pasei,
co meu can fermoso,
dando paseos eu moito andei.

Angela Lago C.

No souto

No souto de Hermelo,
collín cogomelos.
No souto de Moraña,
collín castañas.
No souto de Carballeira,
collín madeira;
e fixemos unha fogueira,
cantamos e xantamos
e o magosto celebramos.

Claudia Lendoiro P.

Cambios

No outono
Caen as follas
Empeza a soprar o vento.
No outono
as árbores íspense,
esperan a primavera
para que as vista de novo.
Que bonito é o outono!

Lorena Amoedo D.

O outono

En setembro toca vendimar
para facer o viño,
acaba o verán e chegan as castañas,
mes de San Miguel, Santos e San Martiño,
pero hai que ter coidado
coa Santa Compaña.

Pasando a mañá e a noite polo camiño.
No outono ven o vento, chuvia e frío
e que bonita se pon a beira do Miño,
do Sil, do Eume ou calquera outro río.

Leila Fernández C.

Máxico

O outono é
máxico polas
súas cores verdes,
amarelas e laranxas.
Por iso e sen
dúbida a paisaxe
máis bonita do ano.

Empezan os primeiros fríos
con elas as primeiras xeadas,
como un manto de pequenos
cristais.
É un momento de recolleita,
e de gardalas moi ben
para lidar o duro inverno.

Julia Estévez M.

Que é o outono?

O Outono é
un conto de cores.
O Outono é
un soprido que din:
bailan os teus pés.

O Outono é
un trazo de flores.
O Outono é
moita celebración
nas túas ocasións.

O outono é
unha velada
con castañas asadas.
O Outono é
unha folla no chan.

O Outono é
un cempés
ao que lle bailan os pés.
O Outono é
o sol de prata.

O Outono é
quen sabe?
Quizais un ave
que se vai preparar.

O Outono é
quen sabe?
Quizais unha cabaza
que come melaza

O Outono é
un can do revés.
O Outono é
unha árbore cortés
sen límites.

O Outono é
un rico pastel.
O Outono é
un oso co mel
que lle cae na pel.

Silvia Cobos T.

Outono,outono

Outono, outono
cogomelos e follas.
Outono, outono
árbores e castañas.
Outono, outono
ouriciños e vento.
Outono, outono
que bonito é.

Antía González A.

BENVIDO OUTONO

CHEGA DE NOVO O OUTONO
DECIMOS ADEUS AO VERÁN.
E TEMPO DE CASTAÑAS
E DE CALOR NO FOGAR.
IMOS TODOS XOGAR
COAS FOLLAS QUE ENCHEN O CHAN.
IMOS GOZAR
COA MANTA DE CORES QUECOBRE O SOLO

Clareta Del Río P.

O outono tardón!

Este ano o outono tardou en chegar,
acabou o verán, pasou San Miguel
e a calor non quería marchar.
Que outono tardón e cruel!

O outono non se ve polo camiño,
e xa rematou setembro e tamén outubro,
quere unha festa de castañas e viño.
Que outono tardón e festeiro!

Comeza novembro e luce o sol
no cole de Barcelos facemos o magosto
e chega o outono a paso de caracol.
Que outono tardón e molestón!

Marta Grande D.

XA ESTAMOS

Xa estamos en outono,
en setembro estaremos,
como vamos cara o frío
ao colexio volveremos.

Di hasta logo ao verán,
as vacacións xa pasaron,
todos eles estarán
no colexio de Barcelos.

Xa estamos en outono,
en setembro estaremos
acércase unha estación
que se chama o inverno.

Mauro Fernández K.

5ºA

O OUTONO

Cando chega o outono
as follas caen das árbores
E logo chega o inverno
co seu frío alucinante.

As follas caídas
son de cor vermella e amarela.
Algunhas son marróns
e outras doutras cores.

Manuel Filgueira F.

O vento de outono.

O outono é largo,
o outono é pesado,
o outono é aburrido,
o outono é o outono.

Os nenos xogan co balón,
o balón vai ao lago.
Alí queda o balón
e aí quedo eu.

Eu canto e acatárrome,
eu bailo e arrefríome;
eu toco e pégome.
E o outono segue.

Candela Justo F.

XA CHEGA O OUTONO

O OUTONO XA CHEGA
COAS SÚAS FOLLAS DE CORES,
CO VENTO E O FRÍO
DESPÍDENSE DAS FLORES.

O VERÁN TRISTE SE VAI,
O OUTONO AS FOLLAS DEIXA BAILAR
E CO FINAL DESTE VERÁN HAI QUE MADRUGAR.

Sira Lastra F.

PEQUENOS GRANDES ARTISTAS

Os nenos e nenas de 4º E.I. estivemos experimentando coa arte dun xeito moi orixinal. Deixamos os pinceis e pinturas de dedos ao marxe e convertémonos nuns verdadeiros artistas utilizando para elo, distintas técnicas plásticas con elementos que podemos atopar sinxelamente nas nosas casas. Queredes saber con que? Pois abride ben os ollos que comeza unha fermosa EXPOSICIÓN!

Necesitamos unhas ceras de cores para encher ben o folio, despois cubrilo de negro e por último facer lineas cun pao ou palillo



IMPRESIÓN SOBRE VIDRIO





NECESITAMOS:

PINTURA E UNHA BOTELLA E...A MOVELA CARA UN LADO E CARA O OUTRO!

WATER PAINTING

ESMALTE DE UNLLAS

UNHA ACTIVIDADE TAN SIXELA ONSE SÓ UTILIZAMOS AUGA E LACA DE UNLLAS!!



BURBULLAS DE CORES

CUN POUCO DE PINTURA E PLÁSTICO DE BURBULLAS ADEMAIS DE XOGAR A EXPLOTALO POIDEMOS FACER UNHAS OBRAS DE ARTE QUEO SEU RESULTADO ASEMELLOUNOS MOITO AOS PANEIS DAS ABELLAS.







Esperamos que vos gustara tanto como a nós!! Agora vos convidamos a que experimentedes vos mesmos!!

ABELLAS AO MEL

4 ANOS

AS ABELLAS SON INSECTOS

NA CABEZA TEÑEN OS OLLOS, A BOCA E DUAS ANTENAS

NO TÓRAX TEÑEN CATRO ÁS E SEIS PATAS

NO ABDOME TEÑEN UN AGUILLÓN


AS
TORAX
CABEZA
ANTENAS
AGUILLÓN
PATAS
ABDOME


COMO NACEN AS ABELLAS
1. A RAIÑA PON UN
2. ALIMENTAN O
OVOS
3. CRECE
4. CONVÉRTESE EN LARVA
5. VAISE FORMANDO A
ABELLA
6. NACE A...
ABELLA
1
2
3
4
5
6

HAI TRES CLASES DE ABELLAS

RAIÑA – OBREIRAS – ZÁNGANOS

A RAIÑA → É MÁIS GRANDE

→ PON OVOS

AS OBREIRAS → LIMPAN A COLMEA

→ COIDAN AOS BEBÉS

→ SAEN BUSCAR O NÉCTAR

ZÁNGANOS → FECUNDAN A RAIÑA

→ NON TEÑEN AGUILLÓN

FAN MEL E CERA.

MOITAS ABELLAS XUNTAS FORMAN UN ENXAME.

A COLMEA É O LUGAR ONDE VIVEN AS ABELLAS

O APICULTOR COIDA AS ABELLAS.

NENOS E NENAS DE 4 ANOS

A VOLTA AO
MUNDO DE
FEDERICO Y ELOÍSA
París
España
Exipto
Londres
EEUU
China

Federico e Eloisa comezaron a súa viaxe en London.
Alí visitaron: o Big Ben, os autobuses vermellos, unha ranxa, o palacio real...

VIÑAN DE LONDON.
CHEGARON A PARIS. COLLERON
UN AUTOBÚS. VISITARON UN
MUSEO MOI IMPORTAN-
TE, O LOUVRE. FORON Á CATE-
DRAL DE NOTRE DAME, E
Á TORRE EIFEL, E O RIO
SENA. OUI, OUI.



Despois de visitar Paris chegaron ao Exipto, onde veiron: a gran Esfinxe (con cabeza de muller e corpo de león), o rio Nilo e as Piramides.





VIÑAN DE EXIPTO.
CHEGARON A CHINA
E ALÍ VIRON:
AMURALLA CHINA,
COMERON ARROZ CON
PALILLOS E FIXERON
TAICHI VESTIDOS CUN
QUIPAO.

por última foron os Estados

Unidos.

Estivero en Nova York e vimon

a estatua da liberdade

Tamen visitaron o canon do

relampado e os grandes lagos



SHARA SERGIO RAFA

PAULA MILA SANDRA

GABLA MUGDO JIMENA

PEPE BERNADO NOA

ANA

ALBA BRAISA

IKER ANXO

MARTÍN CANDELA

LARA

HECTOR J XIANA NADIA

PEDRO LUCÍA HERMÍN XOEL

PABLO REY PABLO C Daniela

DIEGO JULI MILLÁN ASIER

MIGUEL GAEL ALAIN

Inés JOEL Sabela BREIXO

HECTOR P ESTHELA DIEGO

MANUEL TELMA XINYA

O galo e a



¡Ola! ¿que tal?
eu son a galiña dun conto.
E tu ¿quen es?

Eu son o galo dun
cole, o de Barcelos.

¡Que deleixos tan
bonitos tes!
¿Eres feliz?

Sí, porque estou
deleixado en moitos
sitios.
¿Por que o preguntas?

Porque a min as autoridades quéremme comer.

¿Por que?

Polas miñas plumas os meus olos de cores e o meu cocorocó

Ven connigo. Os meus amigos de 1º faremos un deliuxo teu no patio e xogaremos xuntos.

Valeremos con eses menos e menas, tan bos e boas

Conto colaborativo feito polo alumnado de 1º A
usando os programas Sankoré e Paint

O ESQUILO QUE NON QUERÍA COMPARTIR

Num bosque viviam dous esquíos, dous cans e un rapos. Unha tarde os animais non trouxeron merenda, excepto o esquío maior que trouxo moitísima merenda. O resto dos animais, lle pidiron un pouco pero o esquío dixo:
— Non comparto con ninguen!
Os animais puxéronse tristes.

Ao día seguinte todos os animais foron a xogar ao escondite, ao chegaron esquío maior xuntouse e preguntoulle
— Podo xogar?
Ao que os animais respondeu en que o
O Motivo: Porque ontem non nos diste merenda.

O esquío enfadouse

O pequeno chegada a

lle dixo: -Por que non intentas compartir? Verás que estarás máis contento e agusto contigo mesmo.

Cando se fixo de os animais non tiñan auga e cando pensaban que o esquío maior non lles ía deixar un pouco da súa non lle preguntaron.

Pero non fixo falta, porque o esquío maior acercouse a eles e

ofreceulles auga.
Ao que o resto dos animais
responderon a coro: Izraza!

Que nos quizemos ensinar?
Que o máis importante é
compartir. Compartir cos
teus amigos e cos que non
son os teus amigos.

Visita ao Museo do mar de Vigo

Todos os compañeiros de 2º fomos de visita ao museo do mar. Tivemos que coller un autobús que nos levou á cidade de Vigo. Viajar en autobús nos encanta, cantamos, rimos e pola ventanilla vimos a ponte de Rande sobre a ría de

Vigo. Chegamos ao museo, a monitora nos ensinou moitas cousas: Pescamos peixes con cana, cazamos baleas cun arpón. Vimos peixes, cangreusos, Raia, cabaliños de mar, Mexillóns, o peixe pipa, ect.

Pasamos unha gran mañá e aprendimos moitas cousas sobre o mar.

O máis importante: si pescamos demasiado a vida do mar terminará.

os nenos de 2º-A para todos vosotros.

Bombeiros de Pontevedra

6 de Abril de 2017 2º B EP



Un día cos bombeiros.

Vimos como traballan. Subimos a o seu camión tocamos a serea e usamos as mamgueiras. Vimos os traxes e o tempo que tardan en poñelos. Fixemos un simulacro de rescate, Subimos á profe cun arnés máis de 4 metros e soltamos a corda. Rematamos a visita cuha festa de escuma. Pasámolo moi ben.

Saída 2ºA e 2ºB

Autora: Nerea 2ºB
Colaboración: Pablo 2ºB.

AS NOSAS RECEITAS

Os alumnos e alumnas de 4ºA queremos mostrar algunhas das nosasmelloresreceitas….dignas dos concursantes de MasterChef Junior! Tedes para elixir entrantes,primeiros (entre eles algúnspratos de cociña internacional) e sobremesas. BO PROVEITO!

ENTRANTES

EMPANADA DE BONITO

- INGREDIENTES
- 2 cebolas medianas
- 1 pemento morrón
- Aceite de oliva para cubrir o fondo da sartén
- 400g de bonito en aceite (antes de escurrir)
- 4-5 culleradas de tomate fritido
- Sal
- ELABORACIÓN

Poñemos o aceite de oliva nunha tixola para fritir a cebola e o quentamos. Cortamos a cebola en dadiños e sofritimos despaciño, ata que este transparente. Trocamos tamén o pemento morrón, o sofritimos igualmente e escurrimos o aceite. Engadimos o bonito bastante escurrido do aceite da lata e desmenuzado. Por último, engadimos o tomate fritido, damos unhas voltas para mesturar todo perfectamente e deixamos reposar.

Pablo Álvarez Méndez 4ºA

TORTILLA

Ingredientes:
- 500 g de patacas
- 8 ovos
- 1 cebola pequena
- Sal
- Aceite

Preparación: Córtase a cebola e as patacas moi finas. Ponse a tixola ao lume con abundante aceite.
Despois bótanse as patacas e a cebola.
Coméanse a fogo lento.
Bater os ovos nun prato fondo.
Cando as patacas estén feitas botalas no ovo e darle unhas voltas.
Verter na tixola e que se faga a fogo lento.
Por ultimo darle unha volta e xa esta lista.

Daniel Fariña 4º A

CARNE AO CALDEIRO



Ingredientes:

Carne de galda
4 patacas
4 cravos
Uns grans de pementa branca
100 gr de unto
Pemento doce, Picante ou ambos

Elaboración:

Pon a ferver auga nunha ola grande co unto, os cravos, a pementa e o sal. Mentres corta a carne en anacos duns 200 g e engades á ola cando a auga esté fervendo. Deixa cocer a medio lume ata que a carne esté cocida, 1 hora aproximadamente, aínda que o podes ir comprobando pinchando cun garfo. Nese momento mete na ola as patacas cortadas en rodaxas e deixa que se cociñe no caldo xa feito disfruta e come.

Hugo Ferreiro 4ºA

SALSA BOLOÑESA

Ingredientes:

- 1 bote de tomate triturado natural
- 1 cullerada de sal
- 1 culleradita de azucre
- Ourego e perexil
- Media cebola
- 1 dente de allo
- 400 g de carne picada
- Zume e medio de limón para porlle na carne
- Aceite de Oliva Virxe Extra

Elaboración:

1- Pelamos o allo e a cebola. Laminamos o allo e picamos a cebola.

2- Pomos nunha cacerola cacerola a quentar o aceite, e botamos o allo e, un pouco despois engadimos a cebola ata que se dore.

3- Engadimos o bote de tomate. Baixamos o fogo, para que non salpique e non se queme.

4- Engadimos o sal, unha cullerada de azucre, as herbas que vos gusten e remexemos durante 15 min mais ou menos.

5- Nun prato poñemos a carne co zume de medio limón, sal e perexil. Prendemos o lume e pasamos a carne ata que se faga.

6- Engadimos á carne a salsa de tomate e deixamos ao mínimo mentres se fai a pasta



Lucas Dacuña. 4º A

Mole de porco con salsa de chocolate

Ingredientes:



- 1 Kg de ombreiros de porco.
- 2 cebolas.
- 3 dentes de allo.
- 2 chiles picantes.
- 200 ml de caldo de verdura.
- 25 gr. de chocolate negro.
- 2 cubos de caldo.
- 2 cdñas. de sementes de sesamo.
- 1 cdña. de manteiga de maní.
- 1 cdña. de cravos de cheiro.
- 1 cdña. de canela en pó.
- 1 cdña. de comino.
- 4 tomates cereixa.
- 1 folla de laurel.
- Aceite de oliva.
- Sal ao gusto.
- Pementa ao gusto.

Biscoito de laranxa.

Ingredientes:

250 gramos de azucre.
170 gramos de fariña.
70 mililitros.
1 sobre de lévedo "royal".
3 ovos
1 vaso de zume de laranxa.

Utensilios
Cunca
Batedor
Manopla

Preparación

1. Bátense todos os ingredientes xuntos.
2. Poñemos todos os ingredientes nun molde e metémolo no forno 30 minutos a 180°C.

Baia García. 4ºA

"Orellas de entroido"



Ingredientes:
- 500 g de fariña
- 1 ovo.
- 100 g de manteiga de porco ou margarina.
- raiadura dun limón.
- 50 ml de anís seco
- 100 ml de leite.
- 1 cullerada pequena de sal.
- canela moída e azucre ou azucre glass, para espolvorear.

Modo de elaboración:

1- Poñemos nun recipiente amplo a fariña. Facemos un oco no medio e engadimos o sal, o ovo, o anís o leite e a manteiga ou margarina.
2- Mixturamos todos estes ingredientes e amasamos. Unha vez que teñamos todo ben integrado e unha masa homoxénea, tapamos.
3- Deixamos que a masa repouse durante unha hora.
4- Unha vez que repousou collemos porcións ou boliñas e estirámolas moi ben co rodete.
5- Cortamos dándolle forma máis ou menos triangular.
6- Fritimos en aceite ben quente (ata) ata que estén douradas.
7- Sacámolas da tixola e reboramos nunha mixtura de azucre e canela, en quente.

Hugo Gosende Camiña 4ºA

DESCUBRINDO A CARLOS CASARES

(4º B)

As laranxas mais laranxas de tódalas laranxas

Unha historia tan saborosa como unha laranxa...

Toribio contra o profesor Smith : Os inventos de Toribio impedirán que o profesor Smith convirta a Basílica de San Pedro de Roma nun edificio de Manhattan.

Un polbo xigante: Un home rememora o episodio que marcou a súa infancia: a desaparición do criado Nicolás mentres os dous pescaban, arrastrado ao fondo do mar por un mítico polbo xigante.

A Galiña Azul: Leoncio é un personaxe que é feliz e que, aló por onde pasa, vai deixando mostras de nobreza e amizade. Que llo diga unha galiña moi peculiar que a piques estivo de que a mataran porque era distinta.

Lolo anda en bicicleta: Lolo ten o soño de andar en bicicleta, mesmo de ter unha bici súa. Pero fixo un día unha trasnada das gordas e os Reis Magos, no canto de bici, deixáronlle carbón. De todos modos, Lolo empeza a practicar coa bici do seu pai ás agachadas...

O Can Rin e o lobo Crispín: Rin é un can moi especial: Moitas son as maravillas que este can é que de facer: conta historias como ninguén, sabe falar en latín, toca o clarinete.... Pero a mellor de todas é que fala de cando conseguiu que o temible lobo Crispín lambese unha ovella...

“O pequeno raposo”

Un día, ao pé dunha montaña nevada, naceu un precioso bebé. Era unha nena, de pelo louro e rizado, coas mans e os pés moi pequenos, era alegre, case nunca choraba. Puxéronlle de nome Sabela.

Cando Sabela cumpriu sete anos, os seus pais dixéronlle que se acercaba o Nadal e por ser unha boa nena, Papá Noel lle ía traer unha sorpresa moi especial.

Sabela estaba moi impaciente porque chegara o vintecatro de decembro, esforzábase moito en ser boa, para que Papá Noel non cambiara de idea e non a deixara sen algunha sorpresa.

Cando, por fin, chegou o vintecatro de decembro, Sabela foise a durmir ben cedo, convencida de que canto antes se durmira, antes chegaría Papá Noel.

O día de Nadal, Sabela ergueuse antes do amencer, e foi ao salón a ver os agasallos, pero desgustouse ao ver a caixa aberta e baldeira. Escoitou un ruído e percatouse de que enriba do sofá estaba un raposo pequeno e bonito, cun lazo no pescozo. Era a sorpresa tan especial que lle prometeran os seus pais. Púxose toda contenta e estivo todo o día xogando fora con el.

Sabela deuse conta de que non tiña nome e quería poñerlle o nome máis fermoso. Estivo pensando moito tempo e non se lle ocorreu ningún. Nisto comezou a nevar, e o raposiño xogaba moi ledo coas folerpas de neve, era moi gracioso e semellaba divertirse. Nese intre ocorréuselle o nome perfecto para o seu novo amigo: Neve.

Dende entón, Neve e Sabela viven grandes aventuras xuntos.

Por Clara Prado Barros – 5ºA

MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES

Prohibido non tocar, prohibido non pensar, prohibido non sentir, prohibido non soñar:

Museos Científicos Coruñeses.

Tres Casas para vivir a Ciencia

- A Casa das Ciencias:

É o primeiro museo interactivo público de España que naceu en 1985.

- A Casa Do Home:

En 1995 o Domus uniu ciencia e arquitectura nunha homenaxe á especie humana.

- A Casa dos Peixes:

En 1999 o Aquarium Finisterrae completou a triloxía científica da Coruña.

O mércores, 15 de febreiro, os alumnos de 5º do CEIP Praza de Barcelos, saímos coas nosas mochilas nunha viaxe en autobús ata A Coruña.



Primeiro visitamos a Casa das Ciencias, onde vimos o Péndulo de Foucault, que nos mostrou a rotación da Terra; a Incubadora dos pitos; e, na Sala das Experiencias observamos a luz, o movemento (subimos a uns columbios moi especiais), o magnetismo, a percepción, etc.

No Planetario dixital entramos no castelo do Conde Von Siro, un vampiro vexetariano que se alimenta de zume de tomate. Co seu axudante, Dagoberto, crea unha máquina que reproduce o ceo estrelado e paisaxes doutros planetas.

Cando saímos do planetario collemos as mochilas e fomos tomar a merenda de media mañá e ao rematar subimos ao autobús para ir cara o Domus.

Cando chegamos ao Domus, onde experimentamos coa anatomía e a intelixencia humana, coa xenética e a evolución. Vimos o home máis alto do mundo, como nacemos e observamos os nosos antepasados prehistóricos.

O Domus ten unha instalación para que os grupos escolares, coma nós, tomen a comida que traen da casa.

Despois de xantar a monitora Iria, acompañounos nun recorrido polo Aquarium, que é un centro de educación medioambiental, onde vimos tanques con diversidade de especies mariñas, e observamos a alimentación de focas, na piscina exterior.

Todos os nenos pasamos pola tenda de recordos para mercar algún agasallo.

Por último, merendamos no parque escultórico da Torre de Hércules, que é un museo ao aire libre situado arredor do faro, o único de orixe romana, que funciona, no mundo.

A estatua de Caronte, o barqueiro de Hércules, despediunos de A Coruña.

5º A CEIP Praza de Barcelos

RICÓN POETA 5ºB



VERBAS, VERBAS E MÁIS VERBAS...

A Abella

A abella presumida,
está naquelas flores.
É unha gran bailarina
que leva moitas cores.

Sempre está falando
aparte de bailando
e má pequeniña
ao mesmo tempo listiña.

Julia Martinez Locada 5º B



É moi bonita e marabillosa
Preciosa e agarimosa
O seu ritmo é espectacular,
é un son celestial.

Non son ruídos o que escoitamos
nin tampouco estrondos
son notas que veñen do ceo
para que bailemos e soñemos

As notas chegan á alma
e se as sentes con paixón
escoitarás a melodía
da felicidade no teu corazón

Non hai discriminación
nin de relixión
nin de lingua
ela é para todo mundo sen distinción

Se pechas os ollos
poderás imaxinar o que di a canción
cos oídos pechados
perderás unha nova emoción

Os sentimentos inflúen nela
como o amor, alegría e a tristura
ela esta para todos eses momentos
sempre contigo, viva e esperta

Ela brilla como o teu sorriso
ela chora como os teus ollos
ela soña cos teus pensamentos
ela cre en ti en todos os momentos.

Rock, pop, indie, tecno, heavy, rap ou reguetón
hai moitos estilos que debemos atopar
calquera deles se pode cantar
porque é da música do que estamos a falar.

MARA 5º B

PROMOCIÓN 2017

SEXTO B

1. BARROS VILAS, Víctor (Pontevedra,30/07/2004)

Bos días, chámome Víctor e teño 12 anos e nacín en Pontevedra. Eu son alto, máis ou menos do tamaño dunha fregona grande; teño o pelo largo e os ollos marróns. Os meus mellores amigos son: Álvaro, Nico, Martín, Naim, Loren, Leo, Luis e Leila. As miñas series preferidas son "The Walking Dead" e "El último hombre de la tierra". De maior quero ser policía ou xogador da NBA.

1. CUÉLLAR GONZALO, Daniela (Pontevedra,08/11/2005)

Ola! Chámome Daniel pero podédesme chamar Dani. Nacín en Pontevedra pero a maior parte da miña infancia a pasei en Vilalonga. Son unha nena moi despistada e cada dous por tres os meus pais me recordan algo e teño que saír correndo a outra punta de Pontevedra. O meu pelo e os ollos son marróns e ás veces levo gafas. As miñas series favoritas son: "A que se aveciña" e "Os Simpsons". Antes de chegar a este colexio estaba nun no que sacaba dez pero cando cheguei aquí pasei de dez a cinco. A primeira profesora que tiven foi Nieves, a segunda, Marí Carmen e o terceiro, Carlos. Teño unha irmá que nos levamos ben aínda que moitas veces nos enfadamos moito. Non teño claro o que quero ser de maior. As miñas materias favoritas son: Matemáticas e Plástica. Boa sorte aos que cheguen agora e disfrutade do colexio. Adeus!!

2. FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Alberto (, 21/04/2005)

Ola, chámome Alberto e teño 12 anos e son bastante alto. Gústame xogar a Playstation 4 cos meus amigos. Os meus amigos son: Román, Bernal, Alejandro, Miguel, José... Tamén me gusta xogar ao fútbol, xogo nun equipo chamado Salgueiriños onde quedei máximo goleador en varias ocasións; sempre vexo os partidos dos meus equipos favoritos, en especial o Barcelona.

4. GÓMEZ, Román Adrián (Buenos Aires, 21/06/2005)

Ola, eu son Román, as miñas afeccións son xogar ao Fifa 17 na Play 4 e ao Call of duty. As miñas series preferidas son: "The Walking dead" e "Juego de tronos". De maior quero xogar ao fútbol en nivel profesional. Os meus amigos son: Miguel, José, Alberto, Bernal, Alejandro...

5. **GORDILLO RODRÍGUEZ,** Álvaro (Nogueira-Ourense,08/07/2005)

Ola K asen! Chámome Álvaro e teño once anos. As miñas afeccións son os videoxogos, en concreto "Pokemon" ou "Five nigths at freddy's", ademais de xogar ao fútbol. De maior non teño un traballo que me guste moito. Me gusta o Dusteb e o escoito a todas horas. Os meus amigos son: Nico, Víctor, Loren, Leo, Luis, Pedro e Naim. #Non me olvidedes #. #XD#. E, por si non o sabedes al almofadiña é "haStaS".

6. **ARES GONZÁLEZ,** Loren (Menorca, 25/03/ 2005)

Ola! Chámome Loren e teño 12 anos. Polas mañás son un pouco gruñón, igual que pola noite. Son moi alto e aínda que pareza raro, sen querer, me durmín na clase cos ollos abertos. Ás veces quedo coa "pandilla" para xogar coas Nintendo 3 D ás Imazuma Eleven Go e ao Pokémon (aínda que me gañan todos). De maior quero ser creador de videoxogos con: Martín, Naim, Leo, Pedro, Luís, Víctor, Nico e Álvaro. Tamén me gusta o baloncesto non creades. Ata logo!!!

7. **LAGES EIDÓN, María Del Mar** (Pontevedra, 30/08/2004)

Boas tardes! Chámome María del Mar teño 12 anos, non son moi alta, teño os ollos marróns escuros, o meu cabelo e castaño claro e gústame levar o pelo longo e non deixo que ninguén mo corte só os perruqueiros. Os meus mellores amigos son moitos e non quero aburrir con todos os seus nomes. Encántame facer deporte, en especial correr. Tamén me divirte moito montar a miña égua Estrela. Pásoo moi ben cos meus amigos cando saímos. Teño un irmán co cal me divirto moito, sobre todo cando xogamos có noso furón chamado Nano; é, de maior, gustaríame ser coidadora de animais. Ata sempre!

8. **LAMAS ABREU, Lara** (PONTEVEDRA, 12/06/2004)

Bos días! Chámome Lara e teño 12 anos. teño unha irmá "melliza" coa cal me levo ben. O meu carácter é alegre. De aspecto físico son alta, co cabelo rizo e de cor marrón e os meus ollos son verdes. Gústame moito a cociña, a roupa cómoda, ver a televisión, ler... Aínda non sei que vou a ser de maior. Un bico!

9. OTERO LÓPEZ, Isaac (Pontevedra, 18/02/2004)

Ola! Son Isaac e encántame estar coa miña avoa e cos meus amigos do ximnasio. Eu descríbome como un neno alegre e responsable e moi bo. Son malo nos estudos pero aínda así vou con ganas ao instituto; as miñas disciplinas favoritas son a plástica, as ciencias naturais e a relixión, porque son as máis fáciles. A miña serie preferida é "La que se avecina" e me encantan os animais pero ao meu can non o soporto porque é un porquiño completo. De maior quero dar clase de Kick Boxing ou, se non, ser policía. Un saúdo.

10. PAZOS MARTÍNEZ, Néstor (Pontevedra, 14/12/2005)

Son Néstor, e son o máis pequeno da clase xa que nacín en decembro, e de maior quero ser enxeñeiro de robótica. Pretendo estudar na Universidade de Santiago. Estou moi cansado despois de todos os trimestres e é un alivio que teñamos tres meses de descanso. O meu mellor amigo é Nicolás. Gústame a tecnoloxía e ser moi amigable e por iso caio ben a todo o mundo. Un saúdo. # Non me esquezades.

11. PEREIRA BUGALLO,Miguel (PONTEVEDRA, 07/06/2005)

Bos días! Chámome Miguel, son alto e teño o pelo longo, os ollos marróns, a nariz chata; son falador e simpático. Os meus mellores amigos son: José, Bernal, Román, Alberto e Alejandro. As miñas afeccións: o fútbol e os videoxogos. As miñas series favoritas son: A que se aveciña, Gimtony e The walking dead. De maior serei un futbolista.

12. PICALLO PAULOS, José (Pontevedra, 01/08/2005)

Ola, teño once anos, nacín en Pontevedra e vivo en Poio; teño os ollos azuis e verdosos, e o pelo marrón claro. Os meus amigos son: Miguel, Román, Alejandro e Alberto. As miñas afeccións son: os videoxogos e os deportes. De maior aínda non sei que facer. Adeus.

13. REY CODINA, Martín (Pontevedra, 20/02/2005)

Bos días, chámome Martín, son rubio, de ollos azuis e uso gafas; son risoño e estudoso. Teño nove amigos: Nico, Loren, Víctor, Luís, Pedro, Naim, Leila, Leo e Álvaro. Gústanme os videoxogos, os favoritos son "Inzuma Eleven Go Llamarada", "Clash Royale" e a saga de "Plantas vs Zombies" e, en series, o canal Neox. De maior gustaríame ser creado de videoxogos e, como moito, traballar para "Pop cap".



14.REY GÓMEZ,Luis (Pontevedra, 06/09/2005)

Chámome Luis, teño 11 anos e nacín en Pontevedra. Os meus mellores amigos son: Martín, Loren, Naim, Pedro e Nicolás. Gústanme os videoxogos, en especial, o CLASH ROYALE, seguido de CLASHOF CLANS e GTA 5. Todos din que son simpático demais e estou de acordo con iso. A miña comida favorita é a pizza. Adeus, boa sorte e intentade non repetir.

15.RODRÍGUEZ CARBALLO,Bernal (Pontevedra,15/03/2005)

¡Bo día! Fun un alumno do CEIP Barcelos durantes seis anos. Son atlético, teño o pelo curto pero sempre mo deixo largo para o inverno que fai frío. Gústame debuxar; correr co meu pai e os seus amigos todos as fins de semana, ás veces noto que vou tan rápido que sinto a sensación de estar flotando; o paso moi ben xogando ao fútbol e vendo os meus programas e series favoritas como: "The Walking Dead", "Los Simpson" e moitas máis. Todos me din que nunca estou triste porque sempre estou sorrindo. Os meus amigos son: Alberto, Miguel, Román... Despídome, xa nos veremos.

16.SÁNCHEZ DELGADO,Carla (COIMBRA, 18/09/2005)

Ola! Son Carla e teño 11 anos. Nacín en Coimbra (Portugal). Son simpática e alegre, teño o pelo curto e acastañado; gústame levar coletas. Gústame ve a tele e as miñas series favoritas son: "Hawai 5.0" e "Gym Tony". As miñas mellores amigas son Myriam e Antía. De maior quero ser veterinaria. Ata logo, bicos.

17. SARTAL DOMÍNGUEZ, Alejandro (Pontevedra, 25/02/2005)

Ola!, chámome Alejandro, nacín en Pontevedra e teño doce anos e os ollos marróns. Eu son un pouco rebelde, me gusta levar o pelo moderno e, por último, sempre vou despeinado. Teño dous irmáns, a miña irmá se chama Nerea e o meu irmán Iker; nos pelexamos moito, pero sei que non poderiamos estar xuntos para nos seguir pelexando. Os meus mellores amigos son: Bernal, Alberto, Román, Miguel e Jose. Gústame xogar ao fútbol e aos videoxogos (Fifa 17, Call os duty, Blackops III e ao Gta 5). De maior quero ser médico ou futbolista. Un saúdo.

18.SUÁREZ DA SILVA, Leonardo (Pontevedra, 29/12/2004)

Ola! Chámome Leo, teño 12 anos; son un neno alto, mido 1,80 m e me gusta moito o "Anime", aínda que vexo poucos; actualmente vexo o "Dragon ball super" en xaponés e S.A.O. Gústanme os videoxogos, os novos e os antigos; teño a Nintendo e me gusta moito xogar ao Pokemon amarelo e o sol e, tamén vicio co Team Kyrvi Clahs delux, Dragon Ball Budokay 2 (só xogo con Goku) e o Regin blast 1 e 2. Os meus mellores amigos son: Loren, Álvaro, Nico, Martín e Naím; aínda que hai xente coa que me levo moito. As miñas afeccións son debuxar, quedar cos meus amigos, cantar rap e contar chistes malos. ¡¡¡CHAOO!!! #Instituto xP dragon ball

19. VARELA ÁLVAREZ, Myriam (Pontevedra, 15/02/2005)

Bos días! Chámome Myriam, teño 12 anos e dous irmáns. Son alta, co pelo e os ollos castaños e morena de pel. Son cariñosa pero estrésome moi facimente. Lévome ben con todos os da miña aula, mais gústame xogar, falar e estar con Carla e Antía; cando xogo cos meus amigos e están moi serios, fago algunha broma ou tontería, como rín. Gústame nadar, xogar e facer excursións polo monte. A miña serie favorita son "Os Simpsons"; ademais me encantan a música, cantar e máis bailar. De maior gustaríame ser enfermeira para axudar aos demais. Non me olvidedes!!! Bicos.

20. VARELA BERNÁRDEZ, Antía (Pontevedra, 20/07/2005)

Ola! Chámome Antía e teño 11 anos. O meu pelo é marrón e levo media melena, que me gusta levar solta. As miñas mellores amigas son Carla e Myriam, sempre nos rimos un montón. Gústame estar coas miñas amigas, xogar ao Minecraft e bailar. De maior gustaríame ser moitas cousas, pero polo de agora non teño ningunha en especial. Ata logo. Bicos.

21. VEIGA PEREIRA, Pedro (Vigo, 07/07/2005)

Ola, son Pedro, nacín en Vigo pero a todos os efectos son de Pontevedra e son estudante de 6ª B. Son de estatura media, teño o pelo marrón, os ollos azuis e son bastante inquieto. Os meus amigos son: Luís, Martín, Loren, Nico, Naím e Leila. Gústame ler, a miña almofada e cando toca o timbre. As miñas series favoritas son: "Agentes de Sheld", "The Walking Dead" e "Pepa Pij". De maior gustaríame ser presidente do Vaticano, no me creades, en realidade gustaríame ser profesor. A cousa máis bela que vin na miña vida foi un espello. Ata sempre.

22. VIÉITEZ DOMÍNGUEZ, Nicolás (Pontevedra,31/07/2015)

Son Nicolás, teño once anos, uso gafas x son moi guapo. Me gusta o Anime de One punch man, Pokemon son, Maon, Dragon ball z...; pero o que máis me gusta son as cartas Pokemon e os cromos de FNAF. Os meus mellores amigos son Álvaro, Néstor, Loren,Víctor, María e sobre todo Martín. As miñas series favoritas, aínda que non o creades non é Anime, son dúas cousas distintas: Star VS the forces os evil, Pokemon sol e Luna. Isto é todo. Chao!!!

23. ZENDI MARIÑO, Leila (Pontevedra, 18/08/2005)

Bos días, chámome Leila, teño once anos e nacín en Pontevedra. Son unha nena a que lle gusta divertirse en todo momento. Gústame moitísimo divertirme e rir. Considérome alta, guapa e perfeccionista. Os meus amigos son Daniela, Leo, Luís, Loren, Álvaro, Pedro, Martín, Nico, Víctor, Lara, María, Hugo e Isaac. O meu irmán é Naim, ten os mesmos anos ca min, de feito somos mellizos, e somos moi amigos. Encántanme os deportes, a moda, pasar tempo cos meus amigos e os videoxogos. Teño dous hamsters, chamados Riky e Zack e un paxaro de nome Picachu. De maior gustaríame ser esteticista e diseñadora de moda profesional. Espero que non me olvidedes. Ata pronto.

24. ZENDI MARIÑO, Naim (Pontevedra, 18/08/2005)

Ola, o meu nome é Naim, teño un segundo nome pero non me gusta moito, así que non o poño nos escritos. Os meus ollos son marróns moi bonitos e é porque é a miña terceira cor favorita; eu quero levar o pelo largo pero os meus pais non me deixan, así que non é nin moi largo nin moi curto, deste xeito os meus pais e eu, de momento, estamos en paz. O meu carácter é alegre. Teño unha irmá, tamén, moi alegre e os meus pais tamén son moi alegres. Coa miña irmá teño dous hamsters e un canario e gústanme moito. A maior parte da clase son meus amigos, e os que mellor me caen son: Loren, Víctor, Martín, Nico, Pedro, Luís e Leo; coa miña irmá tamén me levo moi ben. O que máis me gusta e ver a televisión (sobre todo Sin-chan) pero que quede entre nosoutros. Eu de maior quero ser rico, sen facer "ná". Un abrazo.

PROMOCIÓN 2017

SEXTO A

Ola! Chámome **Andrea**, teño 11 anos e vivo nun pobo chamado Romai. Meus pais cámanse: Jorge e Sonia. Teño unha irmá pequena, que ten 8 anos e se cháma Xiana. Ela é un traste, pero quéroa moito. Encántanme os animais. Teño tres cans e unha gata. Os meus mellores amigos son: Aixa, Jano, Almu, María, María Alejandra e Miguel. Meus deportes favoritos son o baloncesto e a esgrima. As miñas aficións son ir de

compras, ver a televisión e pasar horas cos meus amigos e mascotas. Chao, vouvos botar moito de menos a todos!

Bos días! Chámome **María Alejandra**, e teño moitos apodos, no caso de Aixa é Saladita. Unhas das moitas aficións que teño son tocar o piano e pasar o día cas miñas amigas e familia. O que máis me gusta da miña clase é a variedade cultural, xa que hai nenos de orixes tan diversos coma México, Ecuador, etc. Eu, sen ir máis lonxe teño raíces ecuatorianas, colombianas, venezolanas, vascas e italianas. De maior gustaríame ser pediatra. Agora despídome de vós, e espero que aprendades moito neste colexio. Chao!

Ola! Chámome **Mariella** e teño 12 anos. Son moi alegre. Gústanme as excursións e estar todos xuntos. Así xogamos cos profes coma na última excursión a Samieira. Os meus mellores amigos son: María Alejandra, Candy, Aixa, Andrea, Camila, Jano, Shaggy, etc. Xogo ó baloncesto. Dentro de pouco nos veremos no instituto. Sorte!

Ola! Son **Diego** Blanco Cabaleiro. Teño 12 anos. Son un neno de bo corazón e un pouquiño tímido. Gústame xogar ó fútbol, ver películas e facer manualidades con papel. Os meus mellores amigos son: Anxo, Jano, Daniela e David

Ola! Chámome **Iria**. Teño 13 anos e nacín en Pontevedra. Son mediana, pálida e co pelo castaño e curto. Os meus ollos son marróns e levo gafas. As miñas amigas son todas e os meus amigos son Pablo Dacuña, Daniel, Alejandro, Miguel, Jano, Raúl,... O meu deporte favorito é o fútbol. De maior quero ser maestra. Teño dous irmáns chamados Brais e Uxía. As veces son uns pesados, pero quéroos moito. Encántame ir ás festas de pixamas de Andre, Candela e Aixa. Gústanme as series. Disfruto da música: "Reggaeton lento", "Despacito",... Agora chegan as vacacións, así que adeus e bicos!!

Ola! Chámome **Pablo Dacuña** e teño 12 anos. As miñas grandes aficións son a música e o cine, sempre escoito os 40 Principais cando vou ó cole. Dánseme fatal os deportes, pero (eu creo) dásenme ben os chistes malos. Eu xa cambiei de cole moitas veces, e aquí, en Barcelos, xa fixen moitos amigos tamén. A min paréceme raro o meu apelido, Dacuña, parece que o meu antepasado fundou Panadarías Acuña. Boa sorte no cole e espero facer bos amigos no insti...Sorte!!

Ola! Chámome **Daniela**, teño 11 anos. Nacín en Pontevedra. Gústame o baloncesto e o fútbol. De maior quero ser mestra ou algo relacionado coa música (rapeira). Os meus mellores amigos son: Almudena, Iria, Aixa, Andre, … Encántanme os animais, os videoxogos e os manga. Teño tres gatos e dous cans. Deséxovos un feliz ano a todos! Chao!

Ola! Chámome **Candy** e teño 12 anos. Nacín en Pontevedra, pero os meus pais e a miña irmá naceron no Ecuador. Encántame Barcelos porque estamos xuntos dende os catro anos e compartimos moitas experiencias. Os meus mellores amigos son: María, Alejandro Maceiras, Daniel, María Alejandra e Iria Castro. De maior gustaríame ser mestra ou veterinaria.

Ola! Chámome **Candela**, pero chámanme Candelaria. Teño 12 anos. Son moi simpática, pero cando me enoxan...en fin. Teño o pelo e os ollos castaños coma a madeira dun carballo, os meus dentes son coma perlas e os meus beizos finos e rosadiños coma pétalos da máis linda rosa. As miñas mellores amigas son: Iria, Mará, Lara e Candy. A miña mellor afición e a gimnasia rítimica. Deséxovos un feliz ano!

Ola! Chámome **María** e teño 12 anos. Nacín en Alicante (Comunidade Valenciana). Teño o cabelo loiro e os ollos azuis. Eu considérome unha persoa moi alegre e divertida, encántame contar chistes aínda que non sexan moi bos. Encántanme os animais, e teño unha tartaruga. O meu deporte preferido é a natación, pódome pasar horas no mar sen aburrirme. Os meus mellores amigos son: Candy, Almudena, Aixa, Candela, Lara, Iria, Pablo Dacuña, Jano,...Dexésovos un moi bo curso a todos, un bico e ata pronto!!

Bos días, chámome **Shahrear**, tamén podédesme chamar Saha. Teño 13 anos, gústame moito viaxar e quedar cos meus amigos. De maior gustaríame ser médico, porque me gusta axudar a xente. Os meus deportes favoritos son o fútol, o balonmán, o tenis, o bádminton e o baloncesto. Os meus mellores amigos son Dani, Raúl, Jandro, Josué, Miguel, Aixa, María Alejandra, Lara e Almudena. Ata logo! Vémonos o ano que ven!

Eu chámome **Miguel**, teño 11 anos e vou ao colexio de Barcelos. Os meus mellores amigos son: Alejandro, Shahrear, Daniel e David. Gústame xogar ao fútbol con eles, ao Clash Royal e falar das nosas cousas. As miñas virtudes son: ser boa persona, estudioso, simpático, atento, alegre e traballador. De maior gustaríame ser informático ou creador de videoxogos. A miña asignatura favorita é a Educación Física.

Ola! Chámome **Jano** e teño 12 anos. Meus mellores amigos son Raúl, Pablo Dacuña, Andrea e Aixa. O meu deporte favorito é o badminton, ó que xogo co meu pai. O fútbol gústame un pouco, así como o tenis, o hokey e o pimpón. Estou moi contento no cole de Barcelos cos meus mestres e os meus compañeiros. Este é o último curso da primaria xa que o vindeiro ano iremos cada un ó instituto.

Chámome **Aixa** e esta é a miña descripción: como case toda a miña clase, teño 12 anos. Son unha nena moi alegre, gústame relacionarme coa xente e non son tímida para nada. Quero moitísimo a miña familia e teño grandes amigos cos que comparto miles de aventuras. Polas tardes vou a equitación, inglés, natación e clases de chino. Gústanme moito as actividades extraescolares e adoro os animais. De maior quero ser mestra ou diseñadora de roupa. A todolos nenos e nenas que estades lendo isto, ESTUDADE MOITO e seguide adiante toda a vosa vida. Con cariño para todo Barcelos!!

Ola! Chámome **Raúl**, son divertido, gracioso e bastante bromista. As veces son un neno revoltoso, pero son moi fiel ás miñas persoas queridas. Tamén son un pouquiño cascarrabias e vago. Algunhas das miñas aficións son: o atletismo, xogar coa PS3 e cos meus amigos, probar comida nova do meu pai (que é cociñeiro), … Os meus xogos favoritos son: L.A. Noire, The last of us, … tamén algúns de mesa coma o Monopoly, Cluedo,... Como lle dou moitas voltas as cousas vanme este tipo de xogos de estratexia. Tamén me gusta ver a tele, principalmente series policíacas. Encántame tamén todo o que teña que ver con Asia. Algúns dos meus mellores amigos son: Jano, Pablo Dacuña, Dani, Almudena, Aixa, Lara, Shaggy, Jandro,...

Ola! Chámome **Alejandro** pero na miña clase coñécenme máis como "Pitufo". Teño 11 anos, son alto, teño o pelo castaño e os ollos marróns.

As miñas aficións son o fútbol (xogo no C.D. Arcade) e outros deportes coma o padel e o baloncesto. Tamén disfruto escoitando música. De maior gustaríame ser futbolista ou garda civil. Os meus mellores amigos son: Dani,Shaggy, Davi, Migui, etc E con esto despídome de vos. Adeus!

Ola! Chámome **Lara**, teño 12 anos e nacín en Pontevedra o 1 de maio do 2005. Os meus mellores amigos son: María, Aixa, Dani, David,...en definitiva, todos son os meus mellores amigos. Gústame patinar, pasear e tamén ver a tele. De maior quero ser mestra de infantil. Encantoume estar todos estes anos no cole. Adeus amiguiños!

Boas! Chámome **Daniel**. Teño 12 anos. Nacín en Pontevedra pero son de Campañó. Gústanme os deportes en xeral, especialmente o fútbol. Ademáis disfruto xogando a videoconsola e vendo a televisión. Un saúdo.

Ola! Son **Camila**, teño 11 anos. Gústame cantar, bailar e tocar o meu violín. Eu vou ao conservatorio Manuel Quiroga. As miñas materias preferidas son música e plástica. Son unha persoa divertida e amable. Teño unha irmá pequena que ten 5 meses, chámase Carmen. Eu a quero máis que nada no mundo. As miñas amigas e amigos son todos os da clase aínda que non sempre estamos de acordo. Bueno, espero que o pasedes ben en Barcelos e vos esperamos no instituto. Boa sorte!!

Ola! Chámome **Pablo**, teño 12 anos. Son moi divertido aínda que as veces podo ser moi pesado. Ademáis son moi sensibleiro. Son de estatura media e algo gordo. As miñas aficións son xogar a consola, ler, bailar, escoitar música, facer amigos, debuxar e facer deporte. Os meus deportes favoritos son o tenis de mesa e o baloncesto. Desexo que teñades un bo ano e que no instituto vos vaia ben. Chao!



Ola! Chámome **David**. Gústame o deporte, sacar a pasear ós meus cans e ver pelis co meu avó Pepe (por exemplo do Oeste americano). O meu deporte favorito é o balonmán, logo estaría a a natación e o fútbol. Os meus cans chámanse Gus (un coquer de 15 anos) e Bruno (un pastor alemán de 4 anos). Aínda non teño moi claro que quero ser de maior, pero seguro que será algo fascinante. Chao! Deséxovos un bo curso!

Encantada! Chámome **Almudena** e nacín en Pontevedra. Gústame falar e cantar. Os meus mellores amigos son María, María Alejandra, Raúl, Lara,...e moitos máis! De maior quero ser política, facer de España un lugar mellor para todo o mundo. Espero pasalo moi ben na seguinte etapa da miña vida, o instituto, e se me vedes o vindeiro ano, nos demos un bico!

LETRAS GALEGAS 2017
Carlos casares

1941 CARLOS CASARES MOURIÑO 2002

Carlos Casares Mouriño naceu o día 24 de agosto de 1941.

Fillo de Francisco e Manuela, sendo o segundo de tres irmáns.

Cando tiña tres anos mudouse a Xinzo de Lima polo traballo do seu pai que era mestre. Alí entra en contacto co idioma e cultura galega.



A piques de rematar o instituto, e despois de ser premiado nun concurso literario, coñece a Vicente Risco e participa no faladoiro Café Parque (Ourense), onde coñece a moitos intelectuais galegos.

En 1961 comeza a estudar filoloxía románica na universidade de Santiago de Compostela. Alí descubre a figura galeguista Ramón Piñeiro do que se fai moi amigo. Daquela reclamaba o dereito a usar o idioma galego.

"A galiña azul" é unha obra de literatura infantil coa que acadou o primeiro premio do concurso nacional de contos infantís ("O Facho" 1968). A obra publicouna a editorial Galaxia ese mesmo ano.

Carlos foi profesor de lingua e literatura española no instituto de Cangas, antes traballara de mestre en Bilbao ao prohibirlle dar clases en Galicia.

Ingresou na Real Academia Galega o 27 de maio de 1978. Coa chegada da democracia é elixido deputado no Parlamento Galego sendo un dos impulsores do consello da Cultura Galega e da Lei de Normalización Lingüística.

Foi director da editorial Galaxia e tamén foi presidente do Consello da Cultura Galega

Recibiu diferentes premios como: "Celanova.Casa dos poetas",o premio "Rañolas" por "Lolo anda en bicicleta" e o de contos infantís "O Facho " entre outros.

Horas despois de entregar a súa última publicación falece sendo soterrado no cemiterio de San Fiz de Nigrán o 9-3-2002 (Vigo)

Julia-5ºA

Carlos Casares Mouriño naceu en Ourense en 1941. Trasladouse a Santiago de Compostela, en 1962 para estudar Filosofía e Letras.
Casa con Kristina Berg en 1971.
A parella tivo dous fillos.
Ingresa na Real Academia Galega en 1977.
É deputado no Parlamento de Galicia en 1981. Morre en Vigo no 2002.

En 1967 Galaxia publica o primeiro libro de Casares, "Vento ferido". Publica "A galiña azul", obra pioneira da literatura infantil en galego, en 1968. É inaugura o teatro infantil en galego coa peza teatral "As laranxas máis laranxas de todas as laranxas" en 1973.
Gaña coa obra "Xoguetes para un tempo prohibido" o certame de novela dos 25 anos de Galaxia, no 1975 e recibe o Premio da Crítica Española.
En 1979, publica "Os escuros soños de Clío".
A súa obra máis coñecida, "Ilustrísima", publícase en 1980.
Faise cargo de Editorial Galaxia en 1985.

Publica a novela "Os mortos daquel verán" de temática da Guerra Civil en 1987. Inicia a saga de contos infantís dos "Toribios" no 1991. É distinguido cos premios da Crítica de España e de Galicia por "Deus sentado nun sillón azul", publicado en 1996.

Clara

Carlos Casares

CATEDRAL DE OURENSE

Naceu en Ourense, o 24 de agosto de 1941.

Xinzo de Lima

ESCOLA



Aos 4 anos marchou para Xinzo de Limia, onde o seu pai Francisco Casares traballaba de mestre.

Universidade de Santiago de Compostela

Estudou a carreira de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela, especializándose en Filoloxía Románica nos anos 1961 - 1967

Coñeceu no tren a unha chica sueca chamada Kristina Berg. Meses despois casáronse e tiveron 2 fillos, Håkan e Christian.

PREMIO GALAXIA

Gañou o premio Galaxia conmemorando o 25 aniversario da editorial, coa obra "Xoguetes para un tempo prohibido.

RAG

Entrou na REAL ACADEMIA GALEGA (RAG) o 27 de maio de 1973

Presidente do Consello da Cultura Galega 1986-2002. Dirixiu a Edit. Galaxia

Morreu en Vigo o 9 de marzo do 2002.

Claudia Lendoiro Pazos

CLp

A GALIÑA AZUL

Naceu en Ourense en 1.941
Aos 4 anos marchou a Xinzo da Limia onde o seu pai era mestre
• Xinzo da Limia

Ingresou no Seminario de Ourense en 1.952.
Alí publicou un periódico chamado → EL INVERNO

Estudiou Filosofía e Letras en Santiago de Compostela

Exerceu de mestre en Viana do Bolo, Bilbao, Cangas do Morrazo e Vigo onde RIP en 2002

Tén 2 etapas na Narrativa:

1ª → temática do período Franquista con autobiografía, as técnicas narrativas con monólogo interior, "Vento ferido", "Cambio en Tres", "xoguetes Para un tempo perdido" → Premio Galaxia e da Crítica española → relata a infancia e adolescencia na España Franquista da Posguerra.

Comenzou a súa carreira en 1.965 e Publicou os primeiros relatos na REVISTA GRIAL

CARLOS CASARES

2ª etapa → recupera as formas de contar, elimina a autobiografía:
- "Os escuros soños de outo" premio da Crítica Galega
- "Ilustrísima"
- "Os mortos doquel verán"
- "Deus Sentado no sillón azul"

Literatura para nenos:
- "A Galiña azul"
- "As Laranxas máis laranxas de todas as laranxas" premio o FACHO

Escribiu a biografía de: Ramón Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Vicente Risco, Anxel Fole e a súa derradeira biografía foi a do Padre Sarmiento

Foi colaborador habitual na LA VOZ de Galicia

Ingresou na Real Academia Galega en 1.978.

Foi deputado no Partido PSdG-PSOE no 1.981

• Dirixiu a Editorial Galaxia

Clareta-5ºA